

PROXECTO DE FOMENTO DA COMPOSTAXE DOMÉSTICA

Somos o grupo de Robótica do Colexio Tirso de Molina de Ferrol: *TM COMPLIT*, e estamos a levar a cabo un proxecto científico para participar na *First Lego League*, un torneo que consta de varias partes: deseño dun robot, proxecto científico e póster de valores.

Este ano o proxecto versa sobre o tratamento dos residuos e o nós estamos a estudar o compost. Queremos promocionar que a xente faga compost axundándoos co invento que vos presentamos.


Dous dos problemas máis importantes á hora de elaborar o compost son:

- É necesario un gran esforzo, xa que hai que voltéalo periodicamente para airealo.
- En épocas de seca hai que regalo para que teña humidade e non se estropee, co consecuente gasto de cartos e recursos (auga).

Nós propoñemos a seguinte solución:


Colocar un ou varios tubos de PVC perforados no centro da pila de compost para facilitar destexeito a aireación da mesma e a retención de humidade.

A tubería sería perforada do seguinte xeito:



Material= Tubo de PVC
Ø Exterior= 110 mm
Espesor= 3'2 mm
Lonxitude do retal= 1 m Aprox.
Taladros= de Ø30 mm repartidos
para que queden alineados

Mostramos imaxes:



Os tubos recollen a humidade da chuvia e acumúlana ata o fondo. Polos buratos do tubo de PVC a auga espállase polo compost. Os buratos, ademáis, axudan á aireación da pila.

Contactamos coa **empresa ferrolá RECINOR**, *empresa de reciclaxe de residuos de demolición e contrucións*, que **se prestou a ceder restos de tubería de PVC a toda aquela persoa que estea interesada en probar o noso invento**.

Gustaríanos que nos comentasen a súa opinión, así como ideas de mellora.

Moitas grazas! Un saúdo,

TM Complot